

A avaricia capitalista provoca outra desfeita ambiental

Basta de mentiras e manipulación

Fóra o PP da Xunta!

O 8 de decembro, o buque Toconao perdía seis contedores da súa carga en fronte da costa portuguesa, un dos cales transportaba as 26 toneladas de pellets que agora asolagan a costa galega e o litoral cantábrico.

As imaxes de praias inzadas deste material, de animais mortos que empezan a aparecer, de centos de voluntarios con escasos medios realizando tarefas de limpeza e, sobre todo, a ocultación durante semanas por parte da Xunta do PP desta nova catástrofe ambiental están a revivir a trágica experiencia do Prestige.

ESQUERDA
REVOLUCIONARIA



Outra desfeita provocada pola procura do máximo beneficio das grandes empresas, neste caso do transporte de mercadorías. Se a isto lle engadimos a manipulación e ocultación por parte do PP, o resultado é este desastre cuxas consecuencias pagaremos todas e todos nós.

A actuación do PP non deixa lugar a dúbidas. Se puidese evitalo, non diría nin faría absolutamente nada. Como a indignación social, as fotos e os testemuños a través das redes sociais non llo permitiron, pasaron da ocultación á mentira. Negaron a gravidade do vertido e o seu carácter contaminante, algo que a comunidade científica e até os informes da Xunta tiveron que desmentir, e despois eludiron calquera responsabilidade.



A manipulación informativa é descarada, como denunciaron as e os traballadores da RTVG mobilizándose estas semanas. Mentres os recursos para a limpeza de pellets chegaban con contagotas —e sempre cunha cámara da TVG diante para captar o momento—, hai pouco coñecíase que Alfonso Rueda e os seus amigos repartiron, de forma arbitraria e só oito días despois de convocar as eleccións, dous millóns de euros de cartos públicos entre os principais medios de comunicación galegos, os mesmos que silencian a vertedura dos pellets e lle fan a campaña electoral ó PP.

Botar o PP e recuperar a mobilización social

A poucas semanas das eleccións, o cruzamento de acusacións entre o PP e o PSOE é constante, pero o certo é que o goberno de Pedro Sánchez con Sumar, que ten as competencias no mar e recoñece alertar á Xunta o 20 de decembro, tampouco tomou ningunha medida efectiva. A denuncia da Fiscalía de Medio Ambiente pola toxicidade dos pellets non soluciona nada, e escudarse en que ata o 9 de xaneiro o PP de Alfonso Rueda se negou a activar o grao de alerta 2 (o que permite mobilizar recursos do goberno estatal) é sinxelamente lavar as mans e deixar na estacada a centos de milleiros de traballadores, pescadores, mariscadoras e demais poboación, que máis unha vez sufriremos as consecuencias no noso pelexo.

As eleccións do 18 de febreiro son unha oportunidade para librarnos desta Xunta de pesadelo. Pero temos que ser claros: votar non é suficiente, nin para conseguir recursos para paliar os efectos desta desfeita nin para rematar coa destrución do público e recuperar os dereitos todos que nos están a ripar.

É necesaria a organización desde abaixo e recuperar a loita nas rúas para acabar coa paz social, que só beneficia á patronal e as grandes empresas. Pero sobre todo é necesario comprender a orixe do problema e atacalo na súa raíz. Os movementos sociais, a esquerda que non se resigna e moi especialmente o BNG e a CIG teñen nas súas mans a oportunidade e a capacidade de impulsar esa gran mobilización social.

O problema é o capitalismo. Construamos unha esquerda combativa e revolucionaria

Coa catástrofe do Prestige coñecemos o magnífico aforro económico para as empresas, e os enormes riscos para o mar, dos buques monocasco. Coa catástrofe dos pellets sabemos que “caen” ó mar unha media de 2.300 contedores ó ano! Maersk, a maior empresa de transporte marítimo do mundo e propietaria dos contedores do Toconao, “perdeu” preto de 1.200 contedores en dous anos. Ir mal suxeitos, estar en mal estado, amorealos en grandes pías, sobrecargar os barcos, levar na cuberta mercadorías que deberían ir baixo ela... son prácticas habituais para aforrar custos. Temos que combater esta lóxica capitalista do beneficio privado e a impunidade total.



Temos que poñer fin á ditadura do capital sobre as nosas vidas cunha política revolucionaria que aspire a acabar co capitalismo, que expropie as grandes empresas e a gran banca para utilizar os seus obscenos beneficios en medidas reais contra a desfeita ambiental e a ameaza climática. Hai que poñer toda esa riqueza ó servizo das necesidades sociais da inmensa maioría. Organizarse contra o capitalismo e loitar pola transformación socialista da sociedade é a única alternativa realista para defender o noso futuro.



**ESQUERDA
REVOLUCIONARIA**



www.sindicatodeestudiantes.net
www.izquierdarevolucionaria.net
621066466